



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA "CONCEPCIÓN ARENAL"

Rúa Cuntis, 1 15403 Ferrol (A CORUÑA) Telf: 981 31 01 04/ Fax 981 31 01 08
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesconcepcionarenal> e-correo: ies.concepcion.arenal@edu.xunta.es



PLAN ORIENTACION ACADÉMICA PROFESIONAL

CURSO 2024/25



INDICE

- 1. Introducción.**

- 2. Actuacións dirixidas á orientación académica e profesional.**
 - 2.1. Xustificación.
 - 2.2. Obxectivos prioritarios.
 - 2.3. Actividades
 - 2.3.1.- Orientación académica na ESO**
 - 2.3.2.- Orientación académica no Bacharelato.**

- 3. Seguimento e avaliación do POAP**

- 4. Marco Lexislativo.**



1. INTRODUCCIÓN

A lexislación vixente entende a Orientación Académica e Profesional como:

“Un proceso que se debe desenvolver durante toda a Educación Secundaria, adquirindo unha especial relevancia cando o/a alumno/a debe escoller materias optativas, e naqueles momentos nos que a elección entre distintas opcións pode condicionar en gran medida o futuro académico e profesional dos estudantes: optatividade, itinerarios académicos en 4º ESO, modalidade(vías) no Bacharelato ou ciclos de Formación Profesional”

A formulación da Orientación Académica e Profesional encontrase no Plan de Acción Titoríal ao longo de toda a ESO, e de modo especial nos cursos de 3º e 4º e máis no Bacharelato.

Por outra banda, o proceso de orientación académica e profesional será o elemento fundamental para a elaboración do consello orientador que para cada alumno ou alumna formularase ao remate de cada curso da Educación Secundaria Obrigatoria.

Dito consello debe entenderse como unha proposta colexiada do Equipo de Profesores do grupo, na que, tendo en conta as expectativas manifestadas polo propio alumno/a recomendaránselle as opcións educativas ou profesionais mais acordes coas súas capacidades, intereses e posibilidades.

O Departamento de Orientación participará na elaboración do consello orientador, especialmente cando un/unha alumno/a requira unha orientación mais personalizada para tomar a súa decisión respecto as diferentes alternativas que se lle presentan.

O noso programa de orientación profesional céntrase na orientación académica (optatividade, itinerarios na ESO, modalidades do Bacharelato, oferta e acceso a ciclos formativos, universidade, etc.) e no asesoramento sobre distintas vías para poder obter o título de educación secundaria obrigatoria e/ ou unha saída profesional axeitada ás súas necesidades e intereses (educación para persoas adultas, formación profesional de grao básico, probas de acceso a ciclos).

Neste sentido, podemos falar na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria dunha dobre finalidade:

- ✓ Terminal, isto é, orientar para a inserción laboral.
- ✓ Propedéutica, orientar para a continuación de estudos académicos.



O Plan de Orientación académica e profesional realízase segundo os seguintes pasos:

- Planificación e elaboración do POAP por parte do departamento de Orientación.
- A Comisión de Coordinación Pedagóxica supervisa o POAP e analiza o grao de adecuación ás circunstancias do centro e ás características do alumnado. Esta concreción refírese á selección dos obxectivos, á distribución de contidos e actividades por cursos, aos niveis de intervención e á avaliación do programa.
- O profesorado e as persoas responsables das titorías, contarán co apoio e asesoramento do departamento de Orientación para a implementación das actividades.
- Seguimento e adaptación das actividades as características de cada grupo por parte do departamento de orientación.

A Orientación constitúe un proceso de asesoramento e apoio psicopedagóxico a familias, profesorado e alumnado. No que se refire aos alumnos/as teranse en conta as súas aptitudes, personalidade, motivacións, intereses, as súas dificultades e os seus procesos de aprendizaxe.

Teremos en conta tamén o ambiente sociofamiliar do alumno/a, que en moitas ocasións supón un condicionante moi importante á hora de tomar decisións.

2. ACTUACIÓNS DIRIXIDAS Á ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL

2.1.-Xustificación

Aos centros educativos demandáselles que desenvolvan actividades de orientación profesional e formación para a inserción laboral que dote ao alumnado das capacidades necesarias para o auto coñecemento, o coñecemento e exploración do mundo do traballo xunto ao coñecemento dos itinerarios formativos posibles dentro do sistema educativo.

Neste proceso de orientación non so debe intervir o centro educativo, debese contar con outras institucións .

2.2.-Obxectivos prioritarios

2.2.1.- Cos alumnos e alumnas

- 1.- Axudar ao alumnado no coñecemento de si mesmo.
- 2.- Proporcionar información aos alumnos e alumnas sobre os itinerarios académicos profesionais e sobre a situación actual e as tendencias no mundo laboral.



- 3.- Desenvolver habilidades de busca e tratamento da información.
- 4.- Desenvolver a reflexión e capacidade crítica para realizar a súa toma de decisións.
- 5.- Eliminar os estereotipos e prexuízos sexistas para que fundamenten assúas decisións.
- 6.- Familiarizar ao alumnado dos cursos terminais (4º ESO e Bacharelato) sobre o mundo do traballo, asesoramento na busca de emprego e análise do mercado laboral.
- 7.- Contribuír a que o alumnado estableza conexións entre os estudos de Formación Profesional que realicen e a posibilidade de encontrar traballo.
- 8.- Proporcionar ao alumnado experiencias sobre creación de empresas.
- 9.- Valorar as técnicas básicas de busca de emprego e selección de persoal.
- 10.- Coñecer os itinerarios para o acceso a outros estudos: Ciclos formativos, Bacharelato, Universidade.
- 11.- Coñecer os mecanismos de acceso a Universidade.: Cumprimentación de impresos, bolsas, titulacións mais demandadas, notas de corte, etc.

12.- Coordinar as actividades a realizar:

2.2.2.- *Con titoras e titores.*

- 1.- Implicalas na preparación e desenvolvemento do POAP.
- 2.- Ser receptoras das demandas académicas e/ou profesionais do seu grupo.
- 3.- Participar activamente no POAP.

2.2.3.- *Con familias*

- 1.- Informarlles sobre as distintas opcións que propón o sistema educativo, así como coas distintas saídas profesionais.
- 2.- Posibilitar unha maior implicación e apoio no proceso de toma de decisións das/dos súas/seus fillas/os.
- 3.- Contribuír a un maior coñecemento dos intereses dos seus fillos/as.

2.3. Actividades



As actividades do POAP combinaranse ao longo do curso coas do PAT (principalmente no 2º e 3º trimestre) e serán fundamentalmente as que se citan a seguir, divididas por sectores da comunidade educativa.

Para o alumnado:

Os bloques de traballo serán os seguintes:

Aprendizaxe do proceso de toma de decisións, busca e procesamento da información

1. Autocoñecemento
2. Coñecemento do sistema educativo
3. Coñecemento do mundo laboral

Pretendese que o alumnado reflexione sobre si mesmo, descubra as súas destrezas e limitacións, acepte a súa situación e as súas posibilidades de desenvolvemento, efectuando ao final do proceso unha síntese. O titor/a e o profesorado, co asesoramento da orientadora, serán os responsables levando a cabo estas actividades na aula e na hora de tutoría.

É moi importante a avaliación inicial para obter unha primeira aproximación da situación académica, persoal e familiar de cada un deles. Actividades centradas no coñecemento de si mesmo: actitudes e aptitudes, intereses, motivacións e capacidades, hábitos e estilos de aprendizaxe, autoestima, capacidade de traballo en grupo, habilidades sociais, valores, personalidade, auto concepto, etc.

Cabe destacar o labor que desenvolve o titor/a co seu traballo en cada grupo que se verá enriquecida coas aportacións dos diferentes profesores e profesoras do equipo educativo.

As ACTIVIDADES principais para a consecución dos anteriores obxectivos serán:

- Traballo desde as sesións de tutoría co profesorado – titor/a, coa colaboración e asesoramento das orientadoras.
- Intervención das orientadoras en horas de tutoría, para desenvolver sesións específicas de orientación académica e profesional.

Visitas ao centro de distintos organismos e profesionais como porexemplo poderán ser:

- Representantes e formadores de distintas Universidades.



- Centros nos que se imparte Formación Profesional.
- Forzas de Seguridade do Estado.
- Equipo Específico da Coruña (especialistas en Orientación Profesional) 2.3.1.- Orientación académica na ESO.

1º e 2º ESO

- Actividades integradas nas actividades de titoría de cada grupo e nivel.
- Información sobre o plan de estudos de 3ª da ESO e o sistema educativo en xeral.
- Inicio no coñecemento dalgunhas profesións a súa agrupación en campos profesionais.

3º e 4º ESO

- Actividades de auto coñecemento: intereses, capacidades, actitudes, aptitudes, limitacións,...
- Información académica profesional, especialmente en 4º.
- Actividades de coñecemento dos ciclos do noso centro .
- Actividades de coñecemento do mundo laboral e técnicas de busca de emprego.
- Entrevistas individuais cos alumnos/as que presenten indecisión vocacional.
- Charlas tanto por profesorado do IES como por profesionais externos ao centro.
- En 4º da ESO ofrecer unha visión sobre as modalidades de bacharelato así como sobre as vinculacións entre as diferentes opcións do bacharelato e as carreiras universitarias. De igual modo, informar sobre as distintas familias profesionais e Ciclos de Grao Medio e Superior.
- Adestramento e axuda na toma de decisións.
- O alumnado de 3º de ESO, que curse o Programa de Diversificación Curricular será obxecto dun seguimento mais próximo e personalizado por parte do titor/a en coordinación co Departamento de Orientación e proporcionaráselle unha orientación mais personalizada tanto ao alumnado como as súas familias.



- Co alumnado con poucas posibilidades de obter o título serán igualmente obxecto dun seguimento específico e proporcionaráselle a eles e as súas familias información e asesoramento sobre as opcións que se lles formulen ao rematar o curso.

2.3.1- Orientación académica en bacharelato

- Proporcionar ao alumnado información obxectiva sobre as opcións que se presentan ao finalizar o curso de 1º e ao finalizar a etapa principalmente Universidade e Ciclos Formativos de FP.
- Continuar coas actuacións dos cursos anteriores para facilitar ao alumnado os coñecementos e habilidades necesarios para afrontar o proceso de toma de decisións.
- Facilitar a participación das familias na toma de decisión.
- Vixiar que as opcións elixidas sexan as adecuadas, tanto en base as súas capacidades como as esixencias que dita opción comporta.

PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO

1º Trimestre. Presentación das orientadoras e recollida de intereses vocacionais do alumnado.

2º Trimestre. Sesións informativas sobre os intereses profesionais do alumnado. Visitas aos campus universitarios

3º Trimestre. O Departamento de Orientación en colaboración co Xefe de Estudos informara ao grupo sobre:

As opcións académicas en segundo de Bacharelato e materias de cadaunha delas

- Materias vinculadas a proba de PAAU
- Acceso a carreiras universitarias desde cada opción.
- Posibilidade de cambio de opción
- Nota de acceso a Universidade e "nota de corte".
- Dar información sobre a Formación Profesional: Familias Profesionais: Ciclos Formativos de Grao Superior, acceso, criterios de admisión, vinculación coa universidade, etc.



- Charla impartida polo profesorado de FP e alumnado do noso centro sobre os ciclos que se imparten no mesmo
- Entrevistas individuais co alumnado que o demande
- Charlas impartidas polo profesorado de diferentes facultades
- Visita a centros universitarios
- Actividades de coñecemento do mundo laboral e técnicas de busca de emprego. As profesións por xénero.
- Fontes dispoñibles para que o alumnado poida consultar información adicional que necesite.

Demandas concretas de cada grupo. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO

1º Trimestre. Aplicación dun cuestionario sobre expectativas académico- profesionais co fin de recoller demandas e inquietudes e organizar, a partir das devanditas demandas, a información a transmitir ao alumnado.

2º e 3º trimestres. Información ao alumnado sobre:

- a) Programa sobre a Acceso á Universidade, desenvolvido pola CIUG:

Procedemento para a obtención da nota de acceso a Universidade Concepto de "nota de corte". Numero de convocatorias. Opción de "subir nota" Algunhas pautas para a realización das probas. Vinculación entre opcións de selectividade e carreiras universitarias.

- b) Ingreso á Universidade:

Prescrición. Formalización de instancias, datas, lugar de presentación, etc. Criterios para a adxudicación de prazas: Universidades Publicas e Privadas.

- c) Organización de graos.

Plans de estudos. Masters Universitarios que os complementan.

- d) Ciclos Formativos de Grao Superior (Formación Profesional):

Características. Requisitos de acceso Familias Profesionais e Ciclos de Grao Superior..

Oferta educativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

- e) Outros estudos:



Corpos de Seguridade do Estado: Policía, Exército, Garda Civil, Policía Local,...

Para ás familias

- 1.- Charlas informativas grupais sobre as características de cada curso e os requisitos para promocionar e ou titular; saídas profesionais.
- 2.- Entrevista individualizada coas familias que o demanden para asesorar sobre as posibles saídas académico-profesionais dos seus fillos e fillas.
- 3.- Asesoramento individualizado segundo as demandas recibidas.

Para o profesorado

- 1.- Información e asesoramento ao profesorado sobre o sistema educativo vixente e sobre os distintos itinerarios académicos que se lle ofrecen ao alumnado, de xeito que coñezan as materias optativas, os itinerarios e as saídas posibles da ESO, as opcións dentro de cada modalidade de bacharelato, os programas de FP Básica, os ciclos formativos de grao medio e superior, a educación para adultos, etc.
2. Selección en colaboración coa CCP de actividades e proxectos referentes ás distintas profesións que se podan incluír nas materias.
- 3.- Recollida e selección da información necesaria (intereses, motivacións, resultados académicos) a través das reunións de titores e titoras para a elaboración do consello orientador tal e como recolle a LOMCE no artigo 28 e o Decreto 86/2015 no artigo 23 ("Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, nai ou aos/as titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador que incluírá unha proposta do itinerario máis adecuado para seguir").

3. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO POAP

A avaliación do **Plano de Orientación Académico e Profesional** dividirase en tres fases:

- a) **Avaliación inicial (avaliación de necesidades):** Partiremos da avaliación do contexto e das necesidades do noso centro e alumnado. A concreción anual do POAP elaborárase baseándose nas necesidades detectadas e nas directrices que establece a Comisión de Coordinación Pedagóxica, coas aportacións de toda a comunidade educativa.



b) **Avaliación continua/procesual:** Realizarase ao longo do curso con carácter trimestral, tendo en conta a aplicación dos diferentes programas. Esta avaliación permite valorar os progresos e realizar as modificacións oportunas se fose preciso. Os instrumentos que se utilizarán serán as observacións, cuestionarios de valoración, o diálogo e os acordos das reunións de Claustro, da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do propio Departamento de Orientación.

c) **Avaliación final:** realizarase ao remate do curso. Na última reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica analizarase a efectividade do POAP e revisaranse os aspectos referidos a obxectivos, actividades, recursos, estratexias de intervención, etc. que poidan ser susceptibles de mellora de cara aos próximos cursos. Os instrumentos que se empregarán serán: cuestionarios, escalas de observación, enquisas, entrevistas, reunións entre os distintos participantes, etc.

Os **critérios de avaliación** serán os que se citan a seguir:

- ✓ Avaliación do desenvolvemento das titorías por parte dos titores e titoras e da orientadora ao rematar o curso.
- ✓ Avaliación da acción titorial por parte do alumnado. Análise dos resultados dos tests. Entrevistas co alumnado e coas familias.
- ✓ Grao de consecución dos obxectivos por sectores da comunidade educativa (alumnado, familias e profesorado).
- ✓ Adecuación das actividades aos destinatarios.
- ✓ Adecuación da temporalización.
- ✓ Implicación dos participantes: asistencia, participación e colaboración.
- ✓ Grao de satisfacción dos implicados.
- ✓ Coordinación do POAP cos centros adscritos.
- ✓ Coordinación do POAP cos distintos departamentos didácticos.

O departamento de Orientación elaborará unha memoria final sobre a aplicación e seguimento do POAP na que quedarán reflectidas as propostas de mellora realizadas na CCP para poder incluílas na programación do curso seguinte. Este informe formará parte da memoria final da Programación Xeral Anual (PXA) do centro.



4. **MARCO LEGISLATIVO**

Leis de Educación

✓ A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a LOMCE. LOMLOE. BOE 30 de Decembro de 2020.

✓ A Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa, LOMCE (2013) que modifica a LOE (2006) e regula a base legal da educación na nosa comunidade e no estado Español

Convivencia

✓ Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.

✓ LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

✓ DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

Orientación

✓ Decreto 324/1996 que establece o regulamento orgánico dos IES.

• Art. 58 Titoría-Orientación-Función Docente. Designación de titores.

• Art. 59 Funcións dos titores.

• Art. 60 Coordinación de titorías pola xefatura de estudos.

• Art. 77 CCP. Establecerá as directrices xerais do PAT e do POAP por parte da CCP.

✓ Orde de 1 de agosto de 1997 que regula o desenvolvemento do decreto 324/1996

• Art. 64. Designación de titorías.

• Art. 68. Horario titorías

✓ Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional de Galicia.

✓ Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización funcionamento da orientación educativa e profesional de Galicia.

✓ Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade

✓ ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas



establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

✓ Circulares con acción prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional de Galicia

Educación Secundaria e Bacharelato:

✓ DECRETO 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

✓ Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa.

✓ Real Decreto 534/2024, de 11 de xuño, por el que se regulan los requisitos de acceso a las enseñanzas universitarias oficiales de Grado, las características básicas de la prueba de acceso y la normativa básica de los procedimientos de admisión.

Formación profesional

✓ Decreto 114/2010, do 1 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

✓ ORDE do 13 de xuño de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

✓ Decreto 126/2023, do 20 de xuño, polo que se establece o currículo do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

✓ RESOLUCIÓN de 10 de xuño de 2024, de la Dirección General de Formación Profesional, por la que se dictan instrucciones para el desarrollo de las enseñanzas de formación profesional del sistema educativo en el curso 2024/25.

Adultos

✓ Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia

✓ Orde do 11 de xuño de 2010 pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros específicos de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria



dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

✓ RESOLUCIÓN do 12 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2024/25.